



## **OBSERVACIÓNS Á PROPOSTA DE PLAN NACIONAL INTEGRADO DE ENERXÍA E CLIMA (PNIEC 2021-2030)**

O PNIEC 2021-2030 debería establecer un calendario de peche obrigatorio das centrais térmicas de carbón, coa finalidade de asegurar a clausura de todas elas, a máis tardar, en 2025. O abandono total do carbón e da enerxía nuclear antes do fin de 2025 sería posíbel cun maior esforzo no despregue das enerxías renovábeis e no estímulo do aforro e a mellora da eficiencia enerxética. Deste xeito, aceleraríase a transición enerxética e a mitigación do cambio climático, aumentando a ambición climática da proposta do PNIEC, que consideramos insuficiente.

Ademais de adiar o abandono do carbón a 2030, o PNIEC non o garante senón que simplemente o prevé. O Goberno non pode lavar as mans fronte ás centrais térmicas de carbón, deixando a decisión final sobre a data do seu peche en mans das empresas eléctricas propietarias, confiando en que o mercado europeo de permisos de emisión reducirá a potencia eléctrica a partir de carbón até 0-1,3 GW en 2030. Incluso se se cumprisen plenamente as previsións do PNIEC, unha vez pechadas, antes de xullo de 2020, as nove centrais térmicas de carbón que non se adaptarán á Directiva de Emisións Industriais (DEI), non haberá ningún outro peche até 2025 inclusive. No período 2021-2025 a potencia total das seis centrais que prolongarían a súa vida máis alá de 2020 sumaría 4,5 GW.

Atrasar máis alá de 2025 o abandono do carbón ralentizaría a transición enerxética e explicaría, en parte, o modesto obxectivo mínimo de redución de emisións de gases de invernadoiro proposto para 2030, de tan só un 20% con respecto a 1990, obxectivo que non está en liña co que debería ser a contribución española ao esforzo para a limitación do aumento da temperatura media global a 1,5°C.

Incluso sen unha elevación do modesto obxectivo de redución do 20% para 2030, non é en absoluto indiferente que se deixe de queimar carbón na primeira ou na segunda metade da próxima década. Cómpre ter en conta que o atraso no abandono do carbón, pospoñendo o peche previsto de (case) toda a potencia instalada durante o período de vixencia do PNIEC ao final da próxima década, aumentaría considerabelmente o volume de emisións acumuladas, tendo en conta o intensiva en emisións de CO<sub>2</sub> que é a produción eléctrica con carbón. Non importa só o obxectivo final de redución das emisións senón tamén a traxectoria temporal seguida para o alcanzar, pois diso dependerán as emisións acumuladas até entón e polo tanto o impacto a longo prazo no clima.

No caso de Galicia, Naturgy solicitou o peche da central de carbón que opera en Meirama (Cerceda) antes do 30 de xuño de 2020. Endesa está reformando a súa central de carbón das Pontes para adaptala aos requisitos da DEI, que non afecta ás súas emisións de CO<sub>2</sub>. Dado que esta central está formada por catro grupos de potencia practicamente igual, sería factíbel o seu peche paulatino ao longo da primeira metade da próxima década. Por exemplo, o grupo 1 podería pechar en 2021, o grupo 2 en 2022, o grupo 3 en 2023 e o grupo 4 en 2024.

Marzo de 2019.